

ID#589

Bicerrán - Cambre - Malpica de Bergantiños, 1980-03

Informante: Manuel (73)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

125a

Teño nena máis bonita
que pasea nesta terra
se non fora que lle faltan
a mitá das dúas orellas.

Pero si non fora eso
outras cousas que non digho
tod'o mundo a quería
asta os perros do moquillo.

Ademais era moi rica
tiña ghrande capitale
que lle tocou un pucheiro
pola parte de seu paie.

O pucheiro non valía
xa lle faltaba un cachiño
que llo comeran os ratos
pensando qu'era touciño.

Por qu'andaba tan freghado
ahora lle vou contare
había máis de dez anos
que non se debía lavare.

Porque tiñ'onha ghordura
por dentro e tamén por fóra
que se podían plantare
os repolos da 'scarola.

Aghora por súa mai
levou un gran capitale
un pañuelo todo roto
e un baño prä mexare.

Tamén levou outras cousas
esto é morrer de risa
un pote todo furado
i a faldra dunha camisa.

ID#589



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Pero inda queda máis
que agora logho direie
doull'unhas ghatas preñadas
dous platos unha sarténhe.

A sartén xa non valía
toda 'staba remendada
astra con tapóns de trapos
e tiña a trangallada.

E por último deixoulle
o curral detrás da casa
cheo de palla dun veciño
que estaba toda mollada.

Que chovía como fóra
non tiña unha tella sana
acabous'o capitale
da filla da tía Pancha.

El ó ver que tanto tiña
determinou de casarse
porque co dela e co del
pasaban a vida en grande.

Foi el e dixoll'a ela
vouche contá-lo qu'eu teño
por harenca de meu paie
deixoum'un pantalón vello.

Un sombreiro todo roto
e unha vara de fresno
prã che medé-las costrelas
cando non andes ó xeito.

Tamén me deixou un cacho
de cordel mui delghadiño
prã que m'afoghe con el
cuando me vex'aburrido.

Tamén me deixou unha cama
que taba moi ben feitaña
por lle non poñer varandas
era na mesma cociña.

ID#589



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Tamén me deixou un pote
qu'a campana de Toledo
non levaba tanto caldo
porque de ghrande pon medo.

Solo qu'ahora 'stá roto
e non tén outro servicio
solo vale prás cighüeñas
pra poder facé-lo nido.

Xa ostedes poden ver
as riquezas destes douse
que dormían na cociña
por non enché-lo xargónhe.

Despois de ser tan bos mozos
qu'eran un encanto os douse
el parecí'on pelexo
el'on saco dos d'arroce.

Despois de ser tan ben feitos
tiñan os ollos chorosos
el dun manaba vinaghre
ela dos dous laghañosos.